

SVV/acc

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

|            |                                                                                                                                                    |
|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| EXPEDIENTE | 2025039592                                                                                                                                         |
| ASUNTO     | PROGRAMA "+ BENESTAR" 2026                                                                                                                         |
| TRÁMITE    | APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, XUNTO COAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN, E DATA DE SORTEO DO PROGRAMA "+ BENESTAR 2026" |

O Presidente, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN

## ANTECEDENTES DE FEITO E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. A Xunta de Goberno aprobou, na súa sesión do 26 de decembro de 2025, as bases reguladoras do programa "+ BENESTAR" 2025, que foron modificadas na súa sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 35, do 20 de febreiro de 2026.

Segunda. Este programa, cun grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra destina ás persoas maiores (Saúde e Benestar e Depotermal), ten como finalidade facilitarles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (talasos ou spas) e, ao mesmo tempo, ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

Terceiro. O plan + Benestar pon en marcha un programa con 2.127 prazas nos seguintes termos:

- 2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros)



- 30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros)

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas residentes en concellos colaboradores do programa, que cumpran os requisitos establecidos e sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), perceptoras de pensión non contributiva de xubilación, perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV) ou acrediten estar en situación de risco ou exclusión social a través dos servizos sociais comunitarios básicos do seu municipio de residencia.

Cuarto. A contía prevista para esta convocatoria é de douscentos vinte e un mil setecentos (221.700,00) euros, con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

Quinto. Por Acordo da Xunta de Goberno de data 26 de decembro de 2025 (número 17.35933), adxudicouse o servizo de desenvolvemento, xestión e execución do programa + BENESTAR (Expediente 2025009307), á empresa HALCÓN VIAJES S.A polos importes que figuran a continuación, onde se describe o prezo final para as persoas usuarias unha vez descontada a subvención da Deputación.

| ESTABLECEMENTO                                  | Prezo por persoa descontada a subvención da Deputación de Pontevedra (100,00 €) | Prezo por persoa para prazas de réxime especial unha vez descontada a subvención da Deputación de Pontevedra (400,00 €) |
|-------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| GRAN TALASO HOTEL SANXENXO 4* (SANXENXO)        | 334 €                                                                           | 34,00 €                                                                                                                 |
| HOTEL CARLOS I SILGAR 4* (SANXENXO)             | 334 €                                                                           | 34,00 €                                                                                                                 |
| HOTEL SPA NORAT TORRE DO DEZA 4* (LALÍN)        | 299 €                                                                           | 0,00 €                                                                                                                  |
| HOTEL SPA GALATEA 4* (PORTONOVO, SANXENXO)      | 305 €                                                                           | 5,00 €                                                                                                                  |
| HOTEL NOVO ASTUR & SPA 3* (VILALONGA, SANXENXO) | 275 €                                                                           | 0,00 €                                                                                                                  |



|                                                          |       |         |
|----------------------------------------------------------|-------|---------|
| HOTEL NORAT MARINA AND SPA<br>4* SUPERIOR (O GROVE)      | 305 € | 5,00 €  |
| HOTEL SPA NORAT O GROVE 3*<br>SUPERIOR (O GROVE)         | 277 € | 0,00 €  |
| TALASO HOTEL LOUXO LA TOJA<br>4* (ILLA DA TOXA, O GROVE) | 329 € | 29,00 € |

O contrato formalizouse con data 6 de febreiro de 2026 cunha duración dun ano e tres prórrogas dun ano de duración.

Sexto. O 3 de xuño de 2026, a xefa do servizo de Benestar Social emitiu informe no que solicitaba a ampliación do contrato por razóns de interese público ante a elevada demanda de participación no programa. Intervención emitiu con data 9 de xuño documento RC por importe de 44.300,00 euros para dar cobertura ao incremento de prazas:

- 323 prazas de réxime xeral, subvencionadas con 100 euros o que resulta un importe de 32.300,00 euros
- 30 prazas de réxime especial subvencionadas con 400 euros o que resulta un importe de 12.000,00 euros.

A Xunta de Goberno do 19 de xuño de 2026, acordou a modificación do contrato formalizado coa empresa Halcon Viajes SAU para a ampliación de 353 prazas.

Sétimo. Rematado o prazo de presentación de solicitudes do 23 de febreiro ao 13 de marzo de 2026 e tramitados todos os expedientes, con data 7 de xullo de 2026 publicouse na páxina web a relación provisional das solicitudes admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión, concedendo as persoas solicitantes un prazo de 10 días hábiles para poder emendar os defectos da súa solicitude.

Oitavo. Unha vez rematado o prazo de presentación de emendas e tramitados todos os expedientes, de conformidade coa consulta parametrizada realizada o 6 de agosto de 2026, os datos definitivos son os seguintes:



Das 749 persoas excluídas de forma provisional:

- 208 persoas solicitantes son aceptadas ao presentar emenda á solicitude, e comprobar que reúnen os requisitos esixidos
- 1 persoa aceptada provisionalmente presenta escrito de desistencia da solicitude, o cal se acepta quedando excluída da relación definitiva.

Sendo o resultado definitivo do procedemento o seguinte:

Presentáronse 2.524 solicitudes de participación, correspondentes a 4.395 persoas ( 48 polo réxime especial e 4.347 polo réxime xeral)) distribuídas do seguinte xeito:

|                          |
|--------------------------|
| Persoas admitidas: 3.864 |
|--------------------------|

- Réxime xeral: 3.837 persoas
- Réxime especial: 27 persoas

|                        |
|------------------------|
| Persoas excluídas: 531 |
|------------------------|

- Réxime xeral: 510 persoas
- Réxime especial: 21 persoas

Os motivos de exclusión das persoas solicitantes son os seguintes:

- Presentación de máis dunha solicitude de participación: 366 persoas
- Non reunir os requisitos esixidos para participar no programa: 36 persoas
- Non presentan a documentación esixida: 128 persoas
- Desistencia: 1 persoa

**Noveno.-** Con data 7 de agosto de 2026, Intervención emite Dilixencia de fiscalización e conforme do informe-proposta deste Servizo (CSV: RKQ2F8EEXDH5RZVG )

#### LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais



- Lei 39/2025, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Orzamento provincial

Vistos os antecedentes mencionados, de acordo co establecido nas bases da convocatoria, RESOLVO

Primeiro. Aprobar relación definitiva das solicitudes admitidas (CSV: : 2LN2TLZXICPFWEQ6) e das persoas excluídas xunto cos motivos da súa exclusión (CSV: 2R7U79KVLCTN2WAZ).

Segundo. Publicar na páxina web a relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas no programa xunto coas causas de exclusión; así mesmo, de conformidade co establecido no apartado sétimo das bases reguladoras, enviarase unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil indicado para que as persoas solicitantes consulten o documento.

Terceiro. Fixar a data do sorteo de prazas entre as solicitudes admitidas para o 11 de agosto, ás 10.30 horas, na Sala de Prensa do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra.

Asinado dixitalmente na marxe



Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante a correspondente sección dos Tribunais de Instancia, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.

